



DECRETO ALCALDÍA

Asunto	: expediente contratación
Órgano contratación	: alcaldía
Tipo de contrato	: subministración
Obxecto	: vehículo ECO con destino á Policía Local
Procedemento contratación	: aberto simplifícadísimo (art. 156.9 da LCSP)
Valor estimado	: 33.973,19 euros
IVE (21%)	: 7.134,37 euros
Orzamento base licitación	: 41.107,56 euros
Prazo entrega	: 30 días
División en lotes	: non
Código expte. axuda	: 2024/A008/000008
Código expte. contratación	: 2024/C005/000002
Plan	: Fondo de Compensación Ambiental (Código procedemento PR483A)

Visto o expediente tramitado para a solicitude dunha axuda convocadas ao abeiro da Orde do 24 de xaneiro de 2024, que regula os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras do Fondo de Compensación Ambiental, e

Visto o expediente que se instrúe para a contratación da subministración consistente en "Adquisición dun vehículo ECO con destino á Policía Local", segundo as características incluídas na memoria descriptiva presentada coa solicitude da axuda indicada así como no PPT que se aprobará coa resolución de inicio de expediente, cun orzamento base de licitación que ascende a 41.107,56 euros; e atendendo os seguintes

CONSIDERANDO E ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A Orde do 24 de xaneiro de 2024, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (PR483A) (DOG núm. 17, do mércores 24 de xaneiro de 2024).

2.- Que por Decreto de alcaldía núm. 260/2024, de 23 de febreiro, polo que se resolve, entre outros, solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia unha subvención ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2024, para as seguintes actuacións:

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN	ORZAMENTO	CANTIDADE SOLICITADA	TIPO DE GASTO
Adquisición de vehículo ECO con destino policía local	41.107,56 €	23.472,16 €	Investimento

3.- A resolución do 07 de xuño de 2024 da Directora xeral da Administración Local, pola que se acorda conceder ao concello de Santa Comba unha subvención polo importe total de 23.472,16 € para o proxecto



denominado "Adquisición de vehículo Eco con destino a policía local", segundo o detalle que se indica a continuación:

ORZAMENTO TOTAL:	41.107,56 €
- Orzamento gastos de funcionamento:	0,00 €
- Orzamento investimentos:	41.107,56 €
IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN:	23.472,16 €
- Importe subvención para gastos de funcionamento:	0,00 €
- Importe subvención para investimentos:	23.472,16 €

4.- Que por decreto de alcaldía núm. 880/2024, do 10 de xuño, resólvese, entre outros, aceptar a subvención concedida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia co obxecto e importe indicados.

5.- Que segundo o establecido pola alcaldía no decreto núm. 880/2024, de 10 de xuño, de aceptación da axuda, o interventor municipal emitiu os documentos contables de retención de crédito, polos que se certifica a existencia de saldo de crédito polo importe de 23.472,156 euros (achega FCA), e de 17.635,40 euros (achega municipal), ambos de data 13/06/2024.

6.- Que consta no expediente o "Informe do órgano de contratación ao expediente de contrato de subministración, relativo á xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, eficiencia na contratación e insuficiencia de medios (art. 28 LCSP 9/2017), e xustificación dos elementos indicados no artigo 116 da LCSP 9/2017), asinado pola alcaldía con data de 16 de xullo de 2024, e que se refire principalmente aos seguintes aspectos:

- obxecto do contrato.
- elección do procedemento de contratación.
- división en lotes.
- revisión de prezos.
- estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- clasificación do contratista. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica.
- os criterios de adxudicación (criterios de valoración das ofertas).
- o prezo do contrato, a retención de crédito e o financiamento,
- e a xustificación da necesidade e idoneidade de contrato e eficiencia na contratación; e insuficiencia de medios.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- A subscrición de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación previa do correspondente expediente, que será iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos nos artigos 28 e 116 da LCSP. Deberá ser publicado no Perfil de Contratante.

2.- Á vista do prazo de execución do contrato, considérase que non procede en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

3.- De acordo co establecido na Disposición adicional segunda da LCSP 9/2017, de 8 de novembro, corresponden aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o



10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da Disposición adicional segunda da LCSP.

Á vista do anterior, ao abeiro da Disposición adicional segunda e artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

RESOLVO

Primeiro.- Declarar a non procedencia da revisión de prezos que se motiva en base á natureza e ao prazo de execución da contratación. No PCAP farase constar a non procedencia da revisión de prezos polo motivos indicados enriba.

Segundo.- Declarar a non procedencia de división en lotes, por tratarse dunha subministración completa, e ao abeiro do epígrafe b) do número 3 do artigo 99 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro, xa que logo a realización independente de diversas prestacións e/ou unidades de obra comprendidas no obxecto do contrato dificultará a execución do mesmo dende o punto de vista técnico.

Terceiro.- Iniciar o expediente de contratación de subministro, para a Adquisición dun vehículo ECO con destino á Policía Local, mediante o procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, non suxeito a regulación harmonizada con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas automáticas, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro.

Cuarto.- Que polo departamento de Contratación se incorpore ao expediente os documentos que indican nos artigos 116, 122 e 124 da LCSP 9/2017:

- o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación das obras e o prego de prescricións técnicas.

Quinto.- Que unha vez sexa incorporada a documentación indicada e antes da aprobación do expediente, se emitan os informes seguintes de acordo co establecido no punto número 3 e 8 da disposición adicional terceira da LCSP 9/2017, do 8 de novembro:

- da secretaría xeral, que será preceptivo o informe xurídico na aprobación de expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas, mantemento do equilibrio económico, interpretación e a resolución dos contratos, disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP;

- o de fiscalización pola intervención municipal, de acordo co establecido na disposición adicional terceira apartado 3 da LCSP.

Sexto.- Dar conta do presente decreto ao Pleno da Corporación municipal na vindeira e inmediata sesión ordinaria que se celebre.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica deste documento.

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada